

INVESTIDURA 2015



Vendo os resultados das eleccións, consideramos que unha parte importante da cidadanía recoñeceu o noso traballo na procura dun Concello máis transparente e participativo, cunha actitude de continua información á cidadanía e fiscalización do goberno local.

Este traballo permitiunos elaborar un programa de goberno. Consideramos que a xente que nos votou, fíxoo polo noso programa e valorando que AER é unha forza que naceu da desafección cos partidos tradicionais.

Despois de escoitar aos diferentes grupos, os dous partidos maioritarios comprometéronse a levar adiante os puntos máis importantes do noso programa. A nós despois de 4 anos convivindo con eles, e vendo como rexeitaron moitas das nosas propostas, non nos teñen demostrado confianza; non nos fiamos de uns nin de outros, e consideramos que a única forma de levar adiante o noso programa sería xestionalo nós dende o goberno. En consecuencia, decidimos que na investidura imos votar por nós mesmos, e seguiremos traballando na defensa do noso programa.

Somos conscientes de que na investidura non acadaremos os apoios necesarios para gobernar; nós seguiremos co noso traballo destes 4 anos: controlar, fiscalizar, informar e propoñer; facendo o posible para que se cumpran as liñas básicas do noso programa.